

**NORMAS PARA A EXECUCIÓN DO MÓDULO PROXECTO INTEGRADO  
DO CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR DE FOTOGRAFÍA EASD  
RAMÓN FALCÓN DE LUGO**

## ÍNDICE

1. NORMAS XERAIS
2. OBXECTIVOS DO PROXECTO INTEGRADO (PI)
3. TITORES DO PROXECTO INTEGRADO
4. CALENDARIO E CONDICIÓNS
  - 4.1. Entrega de propostas (anteprojecto)
    - 4.1.1. Criterios para non admitir un anteprojecto
    - 4.1.2. Publicación de aceptación de propostas e titores
  - 4.2. Entrega de Proxecto Integrado
  - 4.3. Presentación, comunicación e defensa do Proxecto Integrado
  - 4.4. Avaliación e cualificación
    - 4.4.1. Condicións mínimas do proxecto integrado
    - 4.4.2. Criterios de avaliación
  - 4.5. Reclamacións
5. CONVOCATORIAS DO PROXECTO INTEGRADO
6. EXECUCIÓN DO PROXECTO INTEGRADO
  - 6.1. Parte de información (memoria)
    - 6.1.1 Obra fotográfica
    - 6.1.2 Obra mixta
  - 6.2. Parte de execución da obra (proxecto)
    - 6.2.1 Obra fotográfica
    - 6.2.2 Obra mixta
  - 6.3. Parte de comunicación (defensa)
  - 6.4. Contedor do Proxecto Integrado
7. DEPÓSITO DO PROXECTO INTEGRADO

## **1. NORMAS XERAIS**

Para obter o título de Técnico Superior en Fotografía, deberase superar o módulo de Proxecto Integrado, e só poderá ser realizado por aqueles alumnos que aprobaran todos os módulos que forman parte do plan de estudos e que realizaran ou validaran as prácticas en empresa (RD 1432/2012, do 11 de outubro).

O módulo, incluíndo a súa avaliación e cualificación, realizarase ao longo do terceiro trimestre do segundo ano académico do ciclo. De non aprobar nesa convocatoria, o alumno terá que volveuse a matricular no módulo no seguinte curso académico, para realizalo de novo no terceiro trimestre dese ano lectivo.

Excepcionalmente, o/a xefe/a de estudos do centro poderá, previa solicitude do alumno/a, autorizar a súa realización nos seguintes casos: se o alumno non suspendese módulos que sumen máis de 18 créditos ECTS e/ou sexan os módulos de Proxectos de primeiro ou segundo ano.

## **2. OBXECTIVOS DO PROXECTO INTEGRADO**

Os obxectivos do Proxecto Integrado son:

1. Propoñer e materializar un proxecto da especialidade, propio ou encargado, de calidade técnica, artística e de comunicación.
2. Realizar o proxecto levando a cabo tódalas etapas e controis de calidade correspondentes.
3. Desenvolver mediante o deseño e realización dun proxecto orixinal da especialidade, as destrezas profesionais propias dela.

## **3. TITORES DO PROXECTO INTEGRADO**

O alumno contará cunha titoría individualizada de docentes que impartan no ciclo. Establecerase no horario persoal de cada docente-titor, o horario de titoría ao alumnado de Proxecto Integrado atendendo á dispoñibilidade de horas lectivas de cada docente e do número de alumnos matriculados.

Neste sentido a Xefatura de Estudos da Escola de Arte Ramón Falcón estableceu que os posibles titores sexan: Xosé Fontal Álvarez, Ángela Morales Polo, Alfredo Yáñez López e Noelia Pardo Fernández.

#### **4. CALENDARIO E CONDICIÓN**

O calendario coas datas de entrega de propostas de anteprojectos, publicación da asignación de titores, entrega do proxecto, presentación, comunicación e defensa e avaliación do mesmo está a disposición do alumno na páxina web e nos taboleiros de anuncios do centro.

##### **4.1 Entrega de propostas (anteprojecto):**

Para este acto, o alumno/a cubrirá o formulario oficial, anexo a estas normas, no que se especificará:

- Tema ou título do proxecto.
- Natureza do proxecto: fotográfico, audiovisual ou mixto (fotográfico - audiovisual).
- Finalidade do traballo (publicación, web, exposición...).
- Exposición do traballo (Aspectos máis relevantes).
- Referentes histórico artísticos.
- Obxectivos que se perseguen.
- Calendario: o alumno deberá aportar un plan de traballo con datas aproximadas e coa indicación tamén aproximada das horas que adicará a cada parte do traballo.

-Materiais: Indicarase unha descrición tanto dos materiais como das instalacións das que se vai facer uso para o desenvolvemento do proxecto, indicando se son propios, cedidos ou prestados...No caso de precisar de materiais e/o instalacións do centro, deberá especificarse dentro do propio anteprojecto: que instalacións precisa e o número de sesións. O alumno será responsable de calquera dano que ocasione no material prestado ou nas instalacións do Centro, debendo resarcir economicamente os mesmos. Os titores, coas peticións solicitadas, realizarán un calendario de uso de material e espazos para cada alumno, en horario que non interfira o normal desenvolvemento da actividade regular docente.

-Relación cos nomes dos catro titores: os nomes aparecerán por orde de preferencia do alumno. Os profesores atenderán esa consideración, así como as pertinentes cuestións académicas e organizativas, para o reparto das titorías. No caso de non elixir ningún titor, o profesorado nomeado elixirá a mellor opción para cada caso. O traballo co titor da Escola realizarase no horario de titoría do que dispón o profesorado. Para o bo funcionamento destas titorías individuais, o titor terá a capacidade de repartir as horas asignadas a tal fin entre os alumnos.

Durante o acto de entrega de anteprojectos, resolveranse cantas dúbidas existan sobre o desenvolvemento do Proxecto Integrado. Cada alumno terá un máximo de 10 minutos para explicar o seu anteprojecto, e os titores poderán facer as preguntas que consideren pertinentes.

Os alumnos que **por circunstancias excepcionais** non poidan asistir a este acto terán que enviar un e-mail á Xefatura de Estudos da Escola de Arte de Lugo (EASDRF) [escola.arte.ramon.falcon@edu.xunta.es](mailto:escola.arte.ramon.falcon@edu.xunta.es) á atención dos titores dos PI de Fotografía, como mínimo unha semana antes da data de presentación antedita, adxuntando na mensaxe a mesma información que se describe no anexo “Modelo-anteprojecto”.

No caso de que alumno non propoña un proxecto concreto para a súa realización, ou a súa proposta non reúna as condicións propias dun proxecto integral de carácter profesional, o alumno aceptará o que lle indiquen os titores.

#### 4.1.1. Criterios dos titores para non admitir un anteprojecto

-Por non axustarse a estas normas.

-Por presentar un traballo cun tema non relacionado co ámbito desta especialidade.

-Por incoherencias entre a formulación teórico - conceptual do proxecto e a obra final que se prevé presentar.

-Por presentar un traballo que non se axuste aos créditos ECTS previstos na lexislación.

-Por presentar un traballo non axustado aos materiais e equipo técnico do que poida dispor o alumno.

-Por unha inadecuada presentación formal. Poderá rexeitarse un anteproxecto, se contén faltas de ortografía, redacción ou caligrafía ou aspecto visual descoidado.

## **4.2 Entrega Proxecto Integrado**

O alumno debe comprobar o funcionamento dos equipos e soportes para a presentación, comunicación e defensa na aula 8 antes da entrega do PI. Pode contactar co titor para comprobar o material da presentación. O alumno que rexeite esta posibilidade non poderá argumentar erros técnicos no momento da presentación, comunicación e defensa.

## **4.3 Presentación, comunicación e defensa do PI**

É obrigatoria e avaliable. A este acto asistirán todos os titores do módulo. Cada alumno disporá dun máximo de 20 minutos para a presentación, exposición e defensa do seu PI, e outros 10 minutos, como máximo, para que os titores formulen preguntas ou soliciten aclaracións. Chamarase aos alumnos por orde alfabética, empezando pola letra A, empezando pola convocatoria mais antiga.

En función do número de alumnos desta convocatoria, os titores poderán prolongar en varias xornadas este acto.

## **4.4 Avaliación e Cualificacións**

As notas do Proxecto Integrado, segundo o establecido no RD 1432/2012 e na circular de Instrucións da FCT e Proxecto Integrado C S Artes Plásticas 160315, serán a media aritmética das cualificacións numéricas de cada un dos titores, expresadas de 0 a 10 con dous decimais. Cando a diferenza entre a nota máis alta e a menor sexa de 3 ou máis puntos, ámbalas dúas eliminaranse. O alumno poderá consultar as cualificacións co seu usuario de CODEXPRO a partir da data especificada no calendario.

### 4.4.1. Condicións mínimas do proxecto integrado

Para superar o Proxecto Integrado é necesario, como mínimo ter presentadas e aprobadas tódalas partes do PI que se esixen estas Normas (Memoria, Obra e Defensa). Neste sentido, a **nota da memoria, representa un 30% da cualificación final; a da**

**obra, un 60%, e a da presentación, comunicación e defensa, un 10%.** Ademais será necesario superar os mínimos formais, conceptuais, e procedementais e actitudinais seguintes:

**Formais:** Os traballos poderán ser redactados en galego ou en castelán, ou ben nosdous idiomas. Pode incorporar a maiores outras linguas. Ademais avaliaranse os seguintes aspectos:

- Presentación das obras de maneira clara, coherente, precisa e co uso correcto das regras anteditas.
- Calidade do Proxecto, limpeza e estética do traballo.
- Corrección no emprego dos termos técnicos e profesionais na elaboración da memoria e da defensa.

**De contido:** O proxecto deberá ser orixinal e inédito, sendo responsabilidade do autor as posibles anomalías ou plaxios. Se incorporase obras ou fragmentos de obras preexistentes, deberase respectar a normativa vixente en materia de Propiedade intelectual, reflectíndoo na memoria do PI. Ademais avaliaranse os seguintes aspectos:

- Relación da súa obra cos referentes histórico, artísticos e técnicos.
- Achegas do autor/a.
- Avaliación dos resultados mediante unha análise crítica da propia obra (estética, técnica, etc.).

#### **De actitude**

- Responsabilidade legal, ética e social no desenvolvemento do PI.

#### **De procedemento**

- O desenvolvemento, a estrutura e/ou proceso seguido na realización.
- A exactitude, claridade e profundidade dos contidos.
- Pertinencia do método seguido en relación coas necesidades do obxecto do traballo.

#### 4.4.2. Criterios de avaliación

Valorarase a capacidade do alumno para:

1.- Realizar un proxecto da especialidade que cumpra co nivel técnico, artístico e de comunicación esixible no ámbito profesional.

2.-Utilizar unha metodoloxía global de proxecto, en función dos condicionantes e especificacións axeitados o traballo a executar.

3.-Realizar o control de calidade do proxecto nos seus aspectos formais, expresivos, técnicos, tecnolóxicos e funcionais.

4.-Presentar axeitadamente o proxecto e emitir unha valoración persoal técnica, artística e funcional utilizando correctamente os conceptos e terminoloxía do seu ámbito profesional.

Terase en conta especialmente o informe realizado polo titor e presentado o día da defensa e comunicación do PI. Os aspectos básicos que conformarán este informe serán os seguintes: atención ás indicacións e suxerencias realizadas polo titor respecto aos valores conceptuais, artísticos e técnicos do proxecto e desenvolvemento metodolóxico do proxecto (capacidade de organización e temporalización do traballo).

#### **4.5. Reclamacións**

De non estar de acordo coa nota emitida polos titores, o alumno poderá realizar a correspondente, reclamación segundo a normativa vixente no prazo válido para as mesmas.

### **5. CONVOCATORIAS DO PROXECTO INTEGRADO**

Para a superación do PI o alumno disporá de dúas convocatorias.

### **6. EXECUCIÓN DO PROXECTO INTEGRADO**

Para a elaboración do PI, o alumno ten que enfrontar unha obra propia equivalente a unhas 72 horas de traballo. O proxecto estará conformado por tres partes diferenciadas (memoria, obra e defensa) segundo as seguintes condicións:



## **6.1. Parte de información (memoria)**

Deberá entregarse tanto en papel, debidamente encadernada (encolada, con espiral ou canutiño, e con tapas ríxidas), como en formato dixital.pdf para ser visualizada nunha versión mínima de Acrobat 5.0, almacenada en cinco soportes dixitais (memorias USB ou similar).

A memoria deberá axustarse ás seguintes características formais: Tamaño de páxina: A4; Tipo de letra: fonte tipográfica libre; Corpo de letra: 12 pt; Paxinación: continua, e xustificada; Interliñado: un e medio.

Contido da memoria:

1. Portada co nome do proxecto e autor
2. Índice paxinado
3. Introducción (presentación xeral do proxecto, descrición)
4. Xustificación (por qué)
5. Obxectivos (para qué)
6. Destinatarios (para quén)
7. Estudio histórico-artístico
8. Estudo económico/orzamento.
9. Control de calidade segundo a natureza do proxecto
10. Análise de resultados acadados
11. Documentación legal vinculada cos dereitos de propiedade intelectual e de cesión de dereitos de imaxe.
12. Bibliografía e créditos

A maiores destes apartados, e segundo a natureza do proxecto, os alumnos tamén deberán incluír na memoria:

### 6.1.1. Obra fotográfica

Se o alumno presenta un proxecto fotográfico, a memoria deberá incluír un apartado de aspectos técnico-artísticos cun listado das pezas da obra presentada, que conterá unha ficha por cada foto no que se describan os seguintes aspectos:

1. Título da imaxe

2. Datos técnicos (velocidade de obturación, diafragma, iso, obxectivo, focal, modo de medición... e outros que se poidan considerar de interese relativos ao tipo de imaxes presentadas).

3. Esquema de iluminación (se é relevante)

4. Comentario e análise estético e técnico da imaxe.

### 6.1.2 . Obra mixta (audiovisual-fotográfica)

Se o alumno presenta un proxecto mixto, no relativo ao contido e soporte audiovisual a memoria deberá incluír asimesmo un apartado de aspectos técnico-artísticos no que se desenvolverá un informe de produción tipo, que debe presentar algún dos documentos referidos a continuación, en cada caso segundo á natureza do traballo:

1. Bloque de Guionización: presentación do proxecto ou sinopse proxectual, escaleta, guión literario, guión técnico e/ou storyboard.

2. Bloque de Producción: documentos esenciais da pre-produción (desgloses, listados de recursos humanos, técnicos, artísticos, informáticos,...\_ informe de localizacións, etc), da produción (plan de rodaxe, partes de cámara e son, esquemas lumínicos, sonoros, informe de incidencias ou modificacións...), e da postprodución (memoria da edición, montaxe de imaxe e/ou audio, postprodución, efectos especiais, deseño, packaging...).

## **6.2.-Parte de execución da obra material-visual**

### 6.2.1 Opción fotográfica

Poderán presentarse un número variable de obras: desde 12 fotografías (como mínimo) a sangue, en papel de 20 centímetros de lado menor (como mínimo), sen montar,

ata un máximo de 20 fotografías, cos mesmos requisitos de formato e tamaño. A cuantía das imaxes a presentar estará determinada pola natureza e reto da proposta fotográfica, sendo unha decisión tomada con criterios obxectivos e funcionais, acordes ao xénero e temática eleixida.

### 6.2.2 Opción mixta (fotográfico-audiovisual)

7 fotografías a sangue en papel de 20 centímetros de lado menor (como mínimo), sen montar, mais a peza audiovisual en soporte disco (que pode ir acompañada do seu debido “packaging” -carátula, caixa, galleta-, making off, foto ou montaxe de foto fixa, storyboard, BSO, material de promoción, pressbook, ficha técnica, etc).

### **6.3 Parte de comunicación (defensa)**

Cada alumno disporá dun máximo de 20 minutos para a presentación, exposición e defensa do seu PI, e outros 10 minutos, como máximo, para que os titores formulen preguntas ou soliciten aclaracións.

Para a comunicación do PI (sexa fotográfico ou mixto), os alumnos poderán axudarse de elementos tales como:

1. Unha presentación audiovisual ou ben coa mesma obra audiovisual obxecto do PI na opción mixta. Se a montaxe orixinal excedera o tempo asignado para que os alumnos expliquen o seu PI, ou ben estes preferiran facelo así, deberán-poderán presentar unha montaxe alternativa (tipo teaser, trailer, resume...).

2. Un making off con distintos momentos da realización do proxecto.

3. Materiais, en soporte físico ou virtual (simulación) dos modos de exhibición da súa obra. Exemplos, físicos ou virtuais, de materiais promocionais ou de merchandising.

4. Un guión para a comunicación solvente do seu PI.

En todo caso, os alumnos deben ter en conta que este acto ten uns tempos e condicións asignados, e é a súa responsabilidade preparala defensa para os mesmos.

## 6.4 Contedor do proxecto

Tódalas pezas que integren o Proxecto Integrado virán nun único contedor (carpeta, bolsa, sobre ríxido ou calquera outro que cumpra a condición de resgardar e conter todo o traballo), debidamente identificado con etiqueta mecanografada cos seguintes datos:

1. Nome do alumno
2. Título do proxecto
3. Natureza do proxecto
4. Convocatoria
5. Elementos que integran o proxecto

Dentro deste contedor adxuntaranse as obras finais, a memoria en papel e ademais cinco dispositivos USB (ou similar) con:

1. Pdf coa memoria do Proxecto
2. Copia dixital da obra física cos seguintes requerimentos:

Obra fotográfica:

- Unha carpeta coas fotografías orixinais elixidas sen retocar e manipular en formato DNG e tamén coas imaxes procesadas en formato TIFF de 20 centímetros de lado menor como mínimo, a 240 ppp e con tódalas súas capas utilizadas para o procesado da mesma, sen acoplar.
- Unha carpeta coas follas de contactos de tódalas fotografías realizadas para o Proxecto Integrado.
- Unha carpeta cun deseño dun cartel en gran formato (100 cm x 120 cm) que conteña o máis relevante ou representativo do seu PI, así coma a información e lenda cara a unha posible exposición do traballo.

Se o proxecto se fai en soporte analóxico, contenedor deberá incluír os negativos empregados, as follas de contactos, e as tiras de proba de cada copia presentada.

## Obra mixta

- Unha carpeta coa obra audiovisual e outra con todo o material extra.
- Unha carpeta coas fotografías orixinais elixidas sen retocar e manipular en formato DNG e tamén coas imaxes procesadas en formato TIFF de 20 centímetros de lado menor como mínimo, a 240 ppp e con tódalas súas capas utilizadas para o procesado da mesma, sen acoplar.
- Unha carpeta cun deseño dun cartel en gran formato (100 cm x 120 cm) que conteña o máis relevante ou representativo do seu PI, así coma a información e lenda cara a unha posible exposición do traballo.

## **7.- DEPÓSITO DO PROXECTO**

Os proxectos integrados quedarán depositados na EASDRF durante un ano natural ou ata a resolución definitiva de calquera reclamación en contra da cualificación recibida por parte do alumnado. Transcorridos estes prazos, o departamento poderá decidir a entrega en custodia, da documentación e/ou traballos que integren o PI, ao seu autor, cumprimentando o impreso destinado a tal fin que se lle facilitará na conserxería. Devolverase só unha das copias dixitais presentadas, quedando as outras catro en depósito na escola para ser empregadas, se se considera oportuno, como material didáctico, nos distintos módulos.



CICLO FORMATIVO

ALUMNO

NOME

APELIDOS

TEMA DO PROXECTO

NATUREZA DO PROXECTO (A marcar con un X)

FOTOGRAFICO

MIXTO

FINALIDADE DO TRABALLO

EXPOSICIÓN DO TRABALLO (Aspectos máis relevantes)

REFERENTES HISTÓRICO ARTÍSTICOS

OBXECTIVOS QUE SE PERSIGUEN (Breve exposición)

